



CIRCULAR INFORMATIVA

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

O próximo día 26, luns en horario de 09.15-10.15h, 13.30-14.30h e de 15:30 h a 17:00 h celebrárase neste centro a votación para a renovación parcial dos representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio.

Para participar na referida votación, tal e como se sinalaba na citaba convocatoria, procederáse da seguinte forma:

1º Quen pode votar?

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no centro que figuren no censo que a efectos aprobou a Xunta Electoral despois da súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito correspóndelle ao pai e a nai podendo votar ámbolos dous.

2º Modo de emitir o voto

- a) O voto será directo, segredo e non delegable.
- b) Cada elector deberá acreditar a súa responsabilidade mediante a presentación de documento nacional de identidade ou outro documento acreditativo.
- c) Os modelos de papeletas de votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación, que será a Aula de música no edificio administrativo.
- d) Nas referidas papeletas figurarán os nomes das candidatas admitidas e proclamadas como tales pola Xunta Electoral, por orden alfabético de apelidos.
- e) Cada elector deberá marcar cunha cruz un nome das candidatas relacionadas.

3º A mesa electoral

- f) Estará integrada pola directora e catro pais ou titores legais designados por sorteo público entre os que non se presentaban como candidatas.
- g) Encargarase de presidir a votación, conservar a orde, velar pola pureza do sufraxio e realizar o escrutinio.
- h) Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais do alumnado, propostos pola ANPA ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.
- i) Finalizada a votación procederáse ao acto de escrutinio dos votos, que será público





A dirección deste centro agradece ás candidatas a súa xenerosidade e compromiso e anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello escolar.

Un cordial saúdo,

Xinzo de Limia, 22 de novembro de 2018

A directora

CANDIDATAS ADMITIDAS E PROCLAMADAS POLA XUNTA ELECTORAL

- MILAGROS ÁLVAREZ BOO
- MANUELA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
- ROSA M^a SÁNCHEZ FEIJÓO

(Moitas grazas ás tres en nome da Comunidade Educativa)

